**RESOLUCIÓN DE CAMBIO DE PROMOTOR PARA O ÁMBITO DENOMINADO PARQUE EMPRESARIAL DE LAVACOLLA (SANTIAGO DE COMPOSTELA), PREVISTO NO PLAN SECTORIAL DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA**

O Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (en diante, PSOAEG) é un Plan Sectorial que ordena a implantación de parques empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia. Foi aprobado definitivamente o 30 de abril de 2014 mediante acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia, publicado mediante Resolución de 05.05.2014 no Diario Oficial de Galicia do 28.05.2014.

O PSOAEG delimita o ámbito de Parque Empresarial de Lavacolla en Santiago de Compostela, con código de identificación 15078031. O PSOAEG asigna como promotor para esta actuación a Xestur Galicia SA. (en diante, Xestur). A asignación de promotor a unha determinada actuación non figura coma determinación obrigatoria do PSOAEG segundo o artigo 11 da Lei 3/2022, de 18 de outubro, Empresariais de Galicia.

Mediante escrito de data 23.07.2025 Pontepedroso Real Estate solícita desenvolver o ámbito e ao efecto achega solicitude de cambio de promotor e borrador do Proxecto de interese autonómico para iniciar a tramitación.

Actualmente o ámbito encóntrase sen desenvolver, Xestur non iniciou a tramitación para o desenvolvemento da actuación.

Con data 26.08.2025 déuselle audiencia a Xestur sobre esta solicitude. Mediante escrito de data 08.09.2025 Xestur mostra conformidade ao trámite de audiencia da solicitude de cambio de promotor no PSOAEG realizada por Pontepedroso Real Estate para desenvolver o ámbito do Parque Empresarial de Lavacolla, con código de identificación 15078031, e unha superficie total do ámbito de 600.000 m$^2$, sito no Concello de Santiago de Compostela, provincia de A Coruña, sen prexuízo de que o mesmo deba cumprir con todas as garantías e obrigas legalmente esixibles. Ao efecto, dáse traslado de Certificación do Consello de Administración de Xestur do 04.09.2025 no cal se someteu a deliberación o asunto de referencia.

De acordo co artigo 8.1 da Lei 3/2022, de 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, a planificación e a ordenación das áreas empresariais de interese autonómico reguladas nesta lei realízanse mediante os instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio cando se trate de actuacións de promoción privada.

En consecuencia, a documentación do Proxecto de interese autonómico deberá axustarse ao contido previsto no Artigo 44 e 45 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
Edificio administrativo de San Lázaro s/n, Edificio Igape
15781 Santiago de Compostela

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: hdpY8iODCPR2 https://sede.xunta.gal/cve

Todo elo tendo en conta o interese xeral implícito nesta actuación e ao non iniciar Xestur ningún estudo de viabilidade nin redacción de Plan Estrutúrante de Ordenación de Solo Empresarial nin estár programado ou previsto o desenvolvemento do devandito ámbito do Parque Empresarial de Lavacolla dentro da súa estratexia de actuación a curto prazo non hai impedimento en que auma Pontepedroso Real Estate a promoción do ámbito.

En consecuencia, RESOLVO

Aprobar o cambio de promotor previsto no PSOAEG para ámbito de Parque Empresarial de Lavacolla, con código de identificación 15078031, en favor de Pontepedroso Real Estate.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

Margarita Ardao Rodríguez

**Asinado por:** ARDAO RODRIGUEZ, MARGARITA
**Cargo:** Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial
**Data e hora:** 19/09/2025 15:36:30

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
**CVE:** hdpY8iODCPR2 https://sede.xunta.gal/cve